

Presidente da Xunta de Galicia, ourensán

Presidente do Parlamento de Galicia, ourensán

Bispo de Ourense,

Alcaldes e alcaldesas da provincia de Ourense,

Membros do Xurado,

Querido Alejandro Blanco Bravo e familia,

Presidentes de Federaciones Deportivas
nacionales:

Asunción Lorient, Pta F E de Remo

Andoni Azurmendi, Pte F E de Badminton

Pedro Pablo Barrios, Pte F E de Piragüismo

José Luís López Cerrón, Pte F E de Ciclismo

Francisco Blázquez, Pte F E de Balonmano

Representantes de entidades deportivas e
clubes da provincia,

Deportistas de Ourense,

Amigas e amigos,

Encantado de saudarvos neste día de Ourense, celebrando o noso patrón: San Martiño.

Embaucados aínda polo son da voz e composicións da ourensá Natalia Kendra, un exemplo da universalidade e potencialidade de Ourense.

Antes do remate deste acto coa interpretación, por parte da ourensá Coral de Ruada, do “Himno de Ourense” composto para tal fin polo Medalla de Ouro da nosa provincia Manuel de Dios.

Neste mes de novembro, o mes de Ourense, onde a próxima semana celebraremos o Debate sobre o Estado da Provincia, para falarmos do futuro común que debemos compartir e protagonizar xuntos.

Mes e medio despois, o 24 de setembro, de aprobarmos os orzamentos da Deputación para 2022, os primeiros de tódalas administracións públicas de España, unha vez máis.

Ao día seguinte de presentar o anteproxecto de gran hotel balneario, chamado AURIA, en honor a Blanco Amor e a esta cidade que nos acolle, que me veu nacer, medrar, traballar e sentirme orgulloso cada día máis de representar a esta terra histórica e ambiciosa, creativa, cultural e traballadora. Emigrante. Internacional.

Esta terra que, en semanas, quedará xunguida coa capital do Estado en pouco máis de dúas horas coa alta velocidade, que entrará en Galicia por este Ourense, clave na nosa nacionalidade histórica.

Neste Teatro onde a vindeira semana, o día 19, comenará a Mobile Week Ourense 2021, froito do acordo acadado coa Fundación Mobile World Capital. O Mobile World Congress en Barcelona e dúas Mobile Week en España: Málaga e Ourense. E así será tamén en 2022 e 2023. Este territorio histórico e xenuino vencellado á innovación e tecnoloxía, con exemplos dabondo como o Centro Galego de Innovación na FP, en colaboración coa Xunta, que abrirá en semanas as súas portas...como o edificio “Provincia intelixente”, cooperando coa Fundación ABANCA, a máis alta concentración de emprego de alta tecnoloxía no territorio...velaí o papel impulsor e materializador da vosa Deputación: da Deputación de Ourense.

Un ano máis neste Teatro Principal, construído en 1830 polo liberal Santiago Sáez, que tiña problemas para entrar noutro lugar onde se expoñían obras de teatro e actos culturais. Ante esa prohibición construíu un teatro no que él e a súa familia terían sempre un palco libre onde puidesen deixar constancia do seu poderío económico e mostrarlle ós seus detractores que se equivocaran coa súa ideoloxía. Nunha Aurianna que, en 1830, non había serenos nin farolas.

Este Teatro que era o lugar de ocio máis selecto da cidade, compartindo esta categoría co fenecido Casino, situado na Praza Maior e co Liceo Recreo Ourensano, a quen agradezo de novo a concesión da Medalla de Ouro desta entidade centenaria e faro cultural do noso territorio.

Lembramos ao primeiro autor teatral ourensán vivo en ser representado no Teatro Principal: foi D. Juan de la Coba y Gómez, Xan da Coba para Lamas Carvajal. E lembro inventos de seu tan característicos da ialma creativa ourensá como o Pirandárgallo, ese gran paraguas que permitía viaxar suspendido no aire e esperar a que por debaixo de nós pasase o lugar elixido. Xan da Coba inventor do “trampitán”, un idioma “que ninguén foi capaz de aprender”, como explicaba nunha carta ao escritor da Costa da Morte Enrique Labarta. Velaí o calificativo de “pándigo” tan acaído na ourensanía.

Lembramos no Principal de Ourense, nesta rúa da Paz –daquela dos zapateiros- onde naceron Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xoaquín Lourenzo, mesmo Eduardo Modesto Blanco Amor- a PERIPEPE, lexendario acomodador deste Teatro, convertido co paso do tempo nun dos persoaxes máis admirados da rapazallada dos anos cincuenta e sesenta en Ourense.

Amigas e amigos, hoxe celebramos novamente a Ourensanía. A oureñanía, máis ca un concepto, é un sentimento de pertenza a unha terra, a un pobo e a unha cultura bimilenaria viva, que perdura.

Definida polo poeta Luís González Tosar, ourensán nacido en Buenos Aires, que dedicíu ser galego e que captou como ninguén a esencia deste país, a excelencia do noso idioma e o alcance desta nación cultural, no manifesto “Afirmación da Ourensanía” –cuxa lectura recomendo- foi publicado nunha data fulcral: o 11 do 11 de 2011, festividade de San Martiño (hai dez anos), posteriormente suscrito por escritores, artistas plásticos, cineastas, xestores culturais...En definitiva por homes e mulleres libres e creativos que participan e lexitiman o noso xeito, o propio, de percorrer e de interpretar o mundo: de Newark a Barcelona, de París a Bilbao, de Buenos Aires a Manila, de Toronto a Dusseldorf, de Berna a La Habana, de Sydney a Caracas, de Melbourne a México D.F.; nós sempre en Ourense!!!

Podemos dicir con orgullo que a ourensanía afonda as raíces no ourensanismo, na ourensanidade de Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Marcelo Macías, Saco e Arce, García Ferreiro, Álvarez de Novoa, Parada Justel, Losada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda, Xosé Ramón Fernández-Oxea –o admirado mestre Ben-Cho-Sey-, Xaquín Lorenzo, Euxenio Montes, Eduardo Blanco Amor, Silvio Santiago, Sebastián Martínez Risco, Florencio Delgado Gurriarán, Ferro Couselo, Taboada Chivite, Prego de Oliver, José Angel Valente, Faílde, as irmás Pura e Dora Vázquez, Antón Tovar, Xaime Quessada, Virxilio, Xosé Luís de Dios, Carlos Casares, Marcos Valcárcel e outros grandes inmortais que deron resposta á terra nutricia con sentimento e emoción, con humor e talento, baixo a divisa universal da ilustración, erguida por frei Benito Jerónimo Feijóo, o sabio de Casdemiro.

Unha ourensanía que é tamén a nosa lingua propia, e non falo do barallete, sublime creación dos afiadores, emblema da provincia, protagonista do lienzo de Antonio Puga que se exhibe no Hermitage, unha das pinacotecas máis importantes do mundo. Falo do galego, esa lingua que o 30 de outubro, cumpríndose 101 anos da aparición do primeiro número da Revista Nós, foi a cerna do manifesto que as deputadas e deputados que apoiamos o goberno provincial asinamos no concello do Irixo despois de facer un tramo do chamado “Camiño de Nós”, outra aposta cultural desta provincia **CULTA** e **LITERARIA** con maiúsculas.

Unha ourensanía que neste 2021 deu máis exemplos da universalidade dun sentimento único, auténtico, revelado na personalidade creativa e traxectoria de persoas que representan moito para esta provincia. Falo de Basilio Álvarez, o Abade de Santa Olaia de Beiro, ese “corazón indomable” como escribiu Castelao. Falo de José Luís Cuerda, cineasta proverbial , Medalla de Ouro da provincia, que definiu a Ourense como a súa “patria electa”. Falo de Alfredo Conde, un dos máis grandes escritores da actualidade, Fillo predilecto da provincia de Ourense...falo tamén de Cachi Villanueva, “ourensán nacido en Marín”, un dos grandes directivos da comunicación europea, que será distinguido próximamente como Fillo adoptivo da provincia de Ourense.

Hoxe Alejandro Blanco Bravo, “Bravo” como era coñecido entre os compañeiros do Colexio Marista, entra nunha relación de gañadores do Premio Ourensanía con total xustiza e o recoñecemento xeral da veciñanza de Ourense. Profeta na túa terra. Parabéns Alejandro. Únese teu apelido a outros ilustres desta terra como Barreiros, Prego ou Taín. Porque, ademáis da túa exitosa traxectoria nacional e internacional (é moi difícil saber en qué parte do mundo estás, un auténtico Phileas Fogg –o protagonista de “La Vuelta al mundo en 80 días” de Julio Verne, novela publicada por entregas en Le Temps, sendo a primeira delas o 7 de novembro de 1872, hai pouco máis de 149 anos- , é unha auténtica lotería certar para que hoxe estés connosco, na túa casa) sempre exhibes con orgullo a túa condición de ourensán.

En ti recoñecemos ao xestor deportivo internacional chamado para lograr consensos e solventar conflitos, á persoa de concordia. A un directivo que ven de recibir a unanimidade do seu corpo electoral para, por quinta vez, liderar o Comité Olímpico Español. Tiña que ser un de Ourense.

Sempre receptivo e sempre rápido na resposta. Sempre coa amabilidade por bandeira, sexa nunha recepción no Palacio Real, sexa nunha chamada telefónica para dar o mellor consello, o daquel que ten unha visión de conxunto. Esa perspectiva que axuda é a perspectiva ourensá, a que xurde de nacer unha provincia que conta co pico máis alto de Galicia, a Pena Trevinca dos 2127 metros.

Este galardón que hoxe recibes é unha distinción para que sigas sendo exemplo para todos de compromiso coa terra e de bonhomía ourensá. Para que alumees propostas e apoies as nosas no desenvolvemento do deporte en Ourense. Nesta provincia onde implantamos un ecosistema de turismo deportivo onde teñen cabida dende a Estación de montaña de Galicia, Manzaneda, ata o Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño. Onde veñen seleccións internacionais de remo e piraguismo a preparar Olimpíadas e campionatos internacionais, unha terra que fabrica medallas. O Ourense capital do hockey en Galicia, hai días estiveches connosco para corroborar esta realidade...a Ourense candidata a ser sede do Campionato Europeo de Balonmán en 2028. O Ourense do ciclismo.

O Ourense dos clubs e deportistas que tantos éxitos e orgullo de seu nos teñen dado durante toda a historia. Deportistas como Miguel Angel González, lexendario guardamenta do Real Madrid e da Selección Española, distinguido co Premio Ourensanía en 2017. E permítanme, falando de fútbol, que lembre neste intre a Wilson Jones, falecido o pasado 12 de xullo, nacido no Barco de Valdeorras, ex-xogador do Deportivo Alavés, Real Madrid, Real Zaragoza, Racing de Santander e Clube Deportivo Ourense. E, permítanme tamén, que falando de fútbol, felicite ao Clube Pabellón, que este ano cumpre 50 anos, e no que tiveren a honra de xogar en categoría infantil e xuvenil.

Parabéns Alejandro, recoñecemos en ti os valores do deporte, o sacrificio, o afán de superación, o fair play, o traballo en equipo. Vemos en ti reflectida a figura de Pierre de Coubertin, expresidente do comité olímpico internacional e fundador dos Xogos Olímpicos Modernos e do Pentatlón moderno. Él foi quen propuxo en 1894, acuñado polo seu amigo Henri Didon, o lema olímpico “Citius, Altius, Fortius” (máis rápido, máis alto, máis forte), oficial dende 1924.

Contigo, dende hoxe, a Ourensanía será “máis rápida, máis alta e máis forte”.

Parabéns a ti e á túa familia –querida Isabel Fernández, querido Alejandro Blanco Fernández–, en nome da provincia de Ourense, por este Premio.

Remato –como o fai o Manifesto a prol da
língua que asinamos o pasado día 30 de outubro-
facendo nosas as palabras de Eduardo Blanco
Amor no número 145 de Nós, homenaxe da Real
Academia Galega, no cincuentenario da revista,
en outubro de 1970, presidida daquela polo
ourensán Sebastián Martínez-Risco:

“O meu pobo, Ourense, por causas que, en troques de poderense explicar coas razóns acostumadas, somellan andaren boligando polos indescrifábeles manexos do sino, asumíu a misión de responder a cada un dos rexurdimentos galegos dun xeito propio (nin millor nin peor, diferente, digamos que máis creativo) ao común doutros grupos submisos, enchoupados nos dogmas do seu tempo. O ourensanismo é unha sorte de deslocalización, refinamento e transcendencia do pulo galeguizante...Pódese falar duha sorte de “filtro” ourensán que sempre se traduce en compromiso, que condiciona e que decanta...que enche as eivas, que complementa con fina ironía crítica, que vai por diante...”

Dixen.

Feliz día da Ourensanía.

Viva San Martiño!!!